

**XOSÉ MARÍA
ÁLVAREZ
BLÁZQUEZ**

*«galeguista de aceiro
e pedra fina»*

**DÍA
DAS
LETRAS
GALEGAS**

17 DE MAIO DE 2008

O COMEZO DE SÉCULO

A Galicia do primeiro terzo do século XX sufrirá unha mudanza radical de toda a súa estrutura económica. Consolídase a agricultura de pequenos propietarios, amparados por un forte sindicalismo agrario, e adquire gran importancia a industria baseada na explotación dos recursos do mar.

Hai que salientar nesta época a importancia da emigración americana que xogará un importante papel como forza dinamizadora da nosa estrutura económica, social e cultural.

Esta vai ser a Galicia que viu nacer a Xosé María Álvarez Blázquez en Tui, un 4 de febreiro de 1915.

Terceiro dunha familia de seis irmáns varóns, Xosé María destacou dende moi novo na súa vocación literaria, quizais influído polo feito de nacer no seo dunha familia culta: o seu pai era médico e colaborador en tarefas xornalísticas, o seu avó catedrático, o seu tío poeta... e tamén co feito de contar na súa casa familiar cunha importante e moi ben dotada biblioteca.



A emigración transoceánica é quizais a característica máis notable da Galicia do século XX. De 1880 a 1930 emigraron máis de medio millón de galegos.



Arquivo Celso Álvarez Cárreamo

A familia de Álvarez Blázquez, nunha fotografía de 1929. Xosé María está situado no extremo dereito, de pé.

Os seus primeiros estudos e o bacharelato foron realizados na súa vila natal de Tui, vila na que pasou a maior parte da súa infancia e mocidade, agás nos veráns, nos que se trasladaba coa súa familia a Baión, no concello de Vilanova de Arousa. As vivencias veraniegas deixarán unha fonda pegada na súa vida e marcarán para sempre o seu amor pola natureza.

Aos dezasete anos, xa no curso de ingreso á carreira de maxisterio, publica o seu primeiro libro de poemas *Abril*, en idioma castelán, uns poemas cheos da forza sentimental da mocidade. Nesta época crea, xunto co seu amigo Xoán Vidal Martínez, a revista literaria *Cristal*, unha experiencia que terá unha duración de só un ano.


Da estancia de Xosé María en Pontevedra, onde residirá na casa do seu tío Xerardo Álvarez Limeses, conservará durante toda a vida unha serie de lembranzas imborrables como a influencia do seu tío, o contacto con Alexandre Bóveda, casado coa súa curmá Amalia, a súa tarefa na «Federación de Mocidades do Partido Galeguista» -onde ingresa no ano 1933, á idade de dezaoto anos-, e as iniciativas culturais nas que participou, entre as que sempre salientou a emoción da visita de Federico García Lorca a Pontevedra, poeta polo que sentía unha fonda admiración.

Será Alexandre Bóveda, o seu curmán, o que marque a súa traxectoria galeguista; nun contexto no que a vida política de Galicia das primeiras décadas do século XX coincide co período constitucional de Alfonso XIII.



Xosé María Álvarez

Arquivo Álvarez Cáccamo



Abril, publicado no ano 1932, foi o primeiro libro de poemas escrito por Xosé María.

Arquivo Real Academia Galega

A vida política galega de principios do século XX presenta unha continuidade moi evidente co final do século anterior: segue vixente o caciquismo, mantéñense os grandes partidos alternantes, o conservador e o liberal, mentres que no resto do Estado hai unha progresiva fragmentación política.

No ano 1923 instáurase a ditadura de Primo de Rivera que en Galicia vai ter amplo apoio. Persoas e grupos opostos ao sistema da restauración monárquica participarán activamente na consolidación da

ditadura coa esperanza de acabar co caciquismo e conseguir a rexeneración da vida política. Os grupos agraristas tamén verán con agrado este golpe militar, confiando na desaparición do sistema foral que mantiña na pobreza á poboación do rural galego.

O golpe militar de Primo de Rivera vai afastar aos líderes políticos tradicionais da vida pública, sendo substituídos por unha nova clase política de carácter conservador que será a mesma que exercerá o poder unha vez superada a experiencia da II República.

O exilio de Primo de Rivera, a abdicación e exilio do rei Alfonso XIII e a proclamación da II República,

son feitos acollidos con grandes esperanzas e expectativas de melloras sociais, democráticas e autonomistas.

En Galicia a República vai propiciar unha efec-



Arquivo Celso Álvarez Cáccamo

Xosé María Álvarez en Tui, no ano 1932



Alfonso Daniel Rodríguez Castelao foi a figura central do Partido Galeguista.

tiva mobilización política, incorporándose ao primeiro plano os campesiños, emigrantes retornados, obreiros, mestres, pequenos comerciantes, empresarios... Unha nova xeración vai entrar na vida política por mor do réxime republicano. E esta nova xeración vai estar representada por dous partidos políticos vinculados ao réxime republicano: a Organización Republicana Galega (ORGA), liderada polo coruñés Casares Quiroga e o Partido Galeguista, creado en decembro de 1931, que representará a madurez do nacionalismo galego.


Precisamente nas Mocedades do Partido Galeguista militará Xosé María Álvarez, publicando o seu primeiro traballo político o 26 de maio de 1934 no Boletín do Partido Galeguista. Este traballo leva por título *Outro aldraxe* e nel critica o baleiro que nun folleto patrocinado polo Ministerio de Instrucción Pública y Bellas Artes se lle fai á poesía galega.

Neste folleto, destinado ás escolas, só aparecía un poema de Rosalía, e para máis escarnio en idioma castelán. A posterior biografía dos poetas incluía reseñas de tres ou catro páxinas para cada un deles. A Rosalía de Castro despachábana con só tres liñas.

Ese mesmo ano, conmemorando o 88 ani-



Alexandre Bóveda Iglesias, curmán de Xosé María e membro destacado do Partido Galeguista foi fusilado o 17 de agosto de 1936, en plena Guerra Civil.



O Berro en lembranza dos Hérois de Carral é un manifesto de Xosé María Álvarez en prol do nacionalismo galego, escrito en 1934, cando militaba no Partido Galeguista e contaba con dezaoito anos de idade

versario do fusilamento dos Mártires de Carral e animado por Alexandre Bóveda, publica *Berro en lembranza dos herois de Carral*, un folleto, o número 1, editado pola Federación de Mocedades Galeguistas e no que fai un chamamento patriótico a prol do nacionalismo galego e de recoñecemento ás persoas que iniciaron o seu camiño.

O DESTIERRO

Xosé María remata a carreira de Maxisterio no ano 1934 coa intención de seguir os estudos de Filosofía e Letras na universidade compostelá, non obstante, as vicisitudes da guerra civil van frustrar para sempre esta ansia intelectual xa que non pode rematar o seu primeiro ano de facultade.

Ese mesmo ano, 1936, ingresara como militante do Partido Galeguista e ocupara praza na escola das Olivas, de Tui e posteriormente é destinado, xa con destino definitivo gañado por oposición á escola de Coia, en Vigo, pero nesta non exercerá nunca a

docencia ao ser expedientado e desterrado «por galeguista separatista», segundo consta no expediente sancionador, á escola de Coreses, en Zamora.

Xosé María escribiu no seu desterro en terras zamoranas uns versos que deixan constancia da pena que lle produce estar afastado da súa terra.



Espadana da igrexa da Asunción, en Coreses, Zamora.

«Que lonxe vivo,
ai madre!,
que lonxe estou.
Unha anduriña,
madre,
que non tornou.

Virán os tempo,
madre?
Virá San Xohán?
Eu xa cavilo,
ai, madre!
que non virán.

Mais se viñeren,
madre,
irei daquela
matar a sede,
ai, madre!
da nosa arela.

Irei daquela,
madre,
coma anduriña
que en vello niño,
ai, madre!
tardeiro aniña.

Ai, madriña!

Durante esta época rematou un libro de contos *Os Ruíns* que nunca verá a luz ao desaparecer a editorial Nós á que llo entregara, e ser fusilado o seu editor, Ánxel Casal. Desta volume non queda constancia ningunha xa que Xosé María non conservou copia.



En Coreses, unha vila da provincia de Zamora, pasou Xosé María Álvarez Blázquez o seu desterro. Tomou posesión da escola no ano 1938 e en xaneiro de 1941, tras pedir unha excedencia voluntaria, voltou a Galicia coa súa familia.

GUERRA E POSGUERRA

Dende a súa escola de Coreses, en Zamora, é reclamado para cumprir o servizo militar no Hospital de San Caetano, no que é destinado nun principio ás oficinas, aínda que acabará exercendo de enfermeiro. Os coñecementos na área sanitaria víñanlle de ter axudado dende neno na consulta médica do seu pai onde facía vendaxes e suturas dende moi neno.

Estes anos da guerra e os primeiros da posguerra son terribles para Xosé María: o deza-sete de agosto de 1936 é asasinado Alexandre Bóveda, o seu curmán político, uns días despois morre o seu tío Xosé, no mes de outubro é fusilado o seu pai Darío, militante de Izquierda Republicana e no 1941 falecerá o seu irmán Celso por mor dunha tuberculose contraída na fronte de Asturias.



Arquivo Celso Álvarez Cáccamo

Xosé María, no ano 1940 .

Unha vez rematada a guerra ten que tomar posesión do seu destino en Coreses, Zamora para non perder a praza de mestre que gañara por oposición.

Mentres a situación da familia en Tui é moi difícil, Celso está enfermo de tuberculose e Darío, xa exercendo de médico, faise cargo de toda a familia á que manterá, con moitas dificultades, cos seus escasos ingresos.

En busca de mellores condicións económicas e para evitar o ambiente opresivo que pesaba sobre a familia e sobre o mesmo Darío, deciden trasladarse á cidade de Vigo, onde este

montará unha consulta médica, pasando a vivir a familia nun piso alugado na rúa García Barbón.

Xosé María, no ano 1941, solicita a excedencia da súa escola zamorana e volta a Vigo para botar unha man á familia. Cos pequenos aforros obtidos na súa etapa de mestre, a venda das súas propiedades na vila de Tui e algún crédito bancario monta cos seus irmáns unha fábrica de tellas e ladrillos no concello de Nigrán.

A empresa comeza a dar beneficios pero a fatalidade ameaza de novo esta iniciativa: unha explosión nun dos modernos fornos de caolín leva a empresa familiar á ruína.

Posteriormente consegue Xosé María un emprego como secretario da Confraría de Pescadores San Francisco, en pleno barrio vigués do Berbés.

Durante este tempo hai unha certa estabilidade económica que vai vir acompañada cunha prolífica creación literaria e investigadora.

Neste ano 1945, comeza a súa relación con María Luísa Cáccamo Frieben, filla de pai italiano e nai austríaca, profesora mercantil e empregada do Banco Pastor coa que casará un ano despois. O contacto co ambiente galeguista e intelectual do Vigo de posguerra levará a Xosé María a participar e ser protagonista de numerosas iniciativas culturais, así, xunto co seu amigo Luís Viñas Cortegoso, contra o ano 1948, funda a Librería Monterrey, unha librería



Arquivo Celso Álvarez Cáccamo

Coa súa nai María Blázquez Balles-ter, no ano 1945



Arquivo Celso Álvarez Cáccamo

Xosé María e María Luísa, no centro da imaxe.

adicada «á compra, venda e aluguer de libros» onde se podían atopar todo tipo de títulos, dende os máis populares e accesibles a auténticas xoias literarias.



Arquivo Celso Álvarez Cáccamo

A voda de Xosé María e María Luísa, o 10 de decembro de 1946.

Esta librería estaba situada na rúa viguesa de Pi e Margall e estaba atendida pola súa cuñada Fina Cáccamo. Segundo palabras de amigos e clientes esa librería ofrecía un aspecto bastante caótico.

O negocio non daba demasiados beneficios pero polo menos non proporcionaba perdas e permitía aos seus propietarios manter a ilusión na súa iniciativa e ter un lugar de traballo no que seguir escribindo e investigando.

Ata a súa desaparición, no ano 1979, a librería foi unha auténtica institución na cidade de Vigo.




Arquivo Celso Álvarez Cáccamo

Xosé María e María Luísa na praia de Foz, Coruxo en 1947.

No 1948 nace a primeira filla de Xosé María, María Luísa, á que familiarmente chamarán Colorín, por ser «coloradota como unha mazá». O seu pai adícalle o libro de poemas *Roseira do teu mencer* para contar o que significaba para el o seu nacemento.

«Era un airiño suave que se ergueu pola mañá e viña de non se sabe. Era unha gracia sutil que baixaba das estrelas...

Eras ti!»



Arquivo Celso Álvarez Cáccamo

María Luísa, primeira filla dos Álvarez Cáccamo, á que cariñosamente chamaban Colorín, no colo do seu pai.

Ese mesmo ano publica un libro na colección Benito Soto que leva por título *Poemas de ti e de min*, escrito conxuntamente co seu irmán Emilio e que leva dúas portadas, unha para cada un dos autores.

Por mor dos seus traballos de investigación é nomeado Comisario de Excavacións Arqueolóxicas da Cidade de Vigo, nomeamento que lle permitirá participar no achádegos dunha decena de estelas funerarias romanas, no ano 1953, e á súa posterior catalogación e exposición no Museo «Quiñones de León», en Castrelos.

É tamén nomeado membro correspondente da Real Academia Galega e, no verán de 1962, pasará a ocupar a vacante deixada por Aquilino Iglesias Alvariño, xa como Membro Numerario lendo o seu discurso de ingreso un ano despois co título «Cantares e romances vellos prosificados».

A gran ilusión de Xosé María era poder ler este discurso no Pazo de Castrelos, na cidade de



Roseira do teu mencer é un conxunto de poemas adicados á súa primeira filla, Colorín.


Vigo. Ese era o lugar onde pasaba numerosas horas como comisario de excavacións e cronista local. Con tal motivo remitiulle unha carta ao entón presidente da Real Academia Galega, Sebastián Martínez Risco, que aceptou a proposta. O alcalde vigués José Ramón Fontán tamén aceptou a cesión do Pazo para o acto da toma de posesión. Non puido ser. A lentitude burocrática e diferentes intereses políticos deron ao traste coa intención de Xosé María. Corenta e catro anos despois, un 26 de xaneiro de 2008, Xosé María Álvarez Cáccamo, fillo de Xosé María, e Fermín Bouza Álvarez escenificaron o que puido ser a toma de posesión proxectada soñada por Xosé María.



Corenta e catro anos despois cumpriuse, coa voz do seu fillo maior, o desexo de Xosé María de pronunciar o seu discurso de ingreso na Real Academia Galega no Pazo de Castrelos en Vigo.

As iniciativas culturais de Xosé María non pararon. Da man de Viñas Cortegoso funda a Editorial Monterrey, unha empresa modesta adicada a dar a coñecer autores novos, con textos de gran interese e cun deseño coidado.

Entre os volumes editados figuran *Roseira do teu mencer*, en 1950, da autoría do propio Xosé María Álvarez, un libro de poemas adicado á súa primeira filla; *Cantiga nova que se chama Riveira*, en 1957, de Álvaro Cunqueiro; *El búho gallego*, de Pedro



El buho gallego, editado en 1951, é unha curiosidade bibliográfica con transcripción, prólogo e notas de Xosé María Álvarez Blázquez.

con transcripción, prólogo e notas de Xosé María, editado no ano 1951.


Tamén editado pola Editorial Monterrey é o libro *Cancioeiro de Monfero*, un conxunto de oito cantigas da autoría de Xosé María, que imita a lingua dos trobadores galego-portugueses do século XIII.

O texto foi presentado polo autor como un descubrimento literario e este «descubrimento» foi acollido con moito entusiasmo polos eruditos da época que vían como a poesía medieval profana contaba cun novo cancionero, á mesma altura que o de Ajuda, Vaticana e Colocci-Brancuti.

Unha vez descuberto o enredo, a desilusión foi grande así como o enfado dos especialistas na lírica medieval galego -portuguesa.

Participa nestes anos no Premio Poético Pondal, organizado polo Centro Galego de Bos Aires, conseguindo o primeiro premio co seu libro de poemas *Canle Segredo*, un conxunto de versos escritos entre 1951 e 1953 dedicados á súa muller e que non será publicado ata vinte e dous anos despois na colección Pico Sacro de Edicións Castrelos.

A produción literaria e investigadora é ampla durante estes anos: publicación do *Romance do pescador Peleriño* e da novela en castelán *Las estauas no hablan*, ambientada na cidade de Tui, obtención do




Poemas de ti e de min, escrito por Xosé María e o seu irmán Emilio tiña dúas portadas, unha para cada un dos autores.



O matrimonio Álvarez Cáccamo coa súa primeira filla, Colorín.

primeiro premio de novela Galdós pola obra *Crecen las aguas*, do Premio Álvarez García de Biografía da Asociación da Prensa de Vigo, pola súa obra *Martín Códax, cantor del mar de Vigo*, do Premio López Cuevillas no Primeiro certamen Literario del Miño co conxunto de contos *Mauro el barquero*, queda finalista do premio Nadal de 1946, que ese ano foi para Carmen Laforet, coa súa novela *Nada...* asiste a numerosos congresos arqueolóxicos, etnográficos e folclóricos, xogos florais...



A Editorial Monterrey foi fundada por Xosé María en 1950 en sociedade co seu amigo Luís Viñas Cortegoso.

A PRENSA E A RADIO

As súas colaboracións periodísticas son constantes, sobre todo nos xornais La Noche e no Faro de Vigo, nos que chega a escribir máis dun milleiro de artigos, pero non descoida as súas colaboracións en emisións radiofónicas.

Nos anos 1953 e 1954, colabora coa BBC de Londres no mantemento dun programa sobre temas galegos.

O seu espazo semanal *Ventana al mar*, durante o ano 1958, en Radio Vigo tratará sobre diferentes temas marítimos e, nesa mesma emisora, mantén durante

o ano seguinte o programa *Buenas tardes, Galicia* que trata sobre cultura e literatura galega.



Arquivo Celso Álvarez Cáccamo

Xosé María nunha foto de 1963.

Cada día tiene un suceso, de Radio Vigo e con Xosé María como protagonista, é un programa diario emitido ao longo de 1960. En 1961 adica as súas intervencións nesta emisora a comentar o noso refraneiro.

Posteriormente, protagoniza o programa *Re-*

loj de sol

que se vai

transformar

en *Reloj de*

Arena e que

estará en

antena, con-

secutiva-

mente, den-

de 1962 ao

1964 e que

se baseaba

fundamen-

talmente no

comentario de temas literarios e artísticos de

Galicia.

A emisión máis longa de todas vai ser *Mar de*

Historias, unha sección radiofónica lida polo

locutor Pepe Vázquez que se manterá en an-

tena de 1965 a 1968 e tratando, fundamental-

mente, temas de Historia e Literatura.



Arquivo Celso Álvarez Cáccamo

Xosé María en 1960, coa súa muller, xunto a Moraima e Celso Emilio Ferreiro.

A EDITORIAL CASTRELOS

A Editorial Castrelos foi fundada no ano 1964 con capital aportado por todos os irmáns Álvarez Blázquez, pero dirixida fundamentalmente por Xosé María e tivo a súa sede na rúa Marqués de Valadares, no primeiro andar do número 15, na cidade de Vigo.

A filosofía desta nova editorial era a de editar obras máis populares, máis baratas e cun contido máis asequible. Non se trataba de rematar co proxecto de Edicións Monterrey, o obxectivo era editar outra



edicións castrelos

Edicións Castrelos foi fundada no ano 1964 con capital aportado polos irmáns Álvarez Blázquez

clase de libros.

A primeira colección que aparece baixo a selo de Edicións

Castrelos son os *Cuadernos de Arte Gallego*, unhas monografías de tamaño reducido, con pouca paxinación, sobre as 50 páxinas, e abundantemente ilustrado.



Arquivo Celso Álvarez Cáccamo

Coa súa muller, María Luísa, na cidade portuguesa de Braga, na década dos 60.

Estes cadernos pretendían dar unha visión xeral sobre a nosa riqueza artística e tiveron unha difusión máis que aceptable.

Na serie de *Cuadernos de Arte Gallego* colaboraron autores da talla de Hipólito de Sa Bravo, Xosé Trapero Pardo, Xesús Taboada Chivite, Xosé María Castroviejo... que trataron temas tan diversos como as insculturas rupestres, a ornamentación céltica, a escultura barroca, os mosteiros, os museos diocesanos, os pazos, as sillerías de coros...

A mediados dos anos sesenta a Librería Monterrey non rende os beneficios necesarios para manter a numerosa familia de Xosé María, pois neste momento xa ten seis fillos. A menor, Berta, xa tiña dous anos.

No inverno de 1966 acepta o posto de delegado de vendas da empresa Pescanova en Oviedo e alí se traslada el só. A finais do verán, despois de conseguir pluriempregarse nunha empresa de publicidade, traslada á capital asturiana a toda a súa familia.

É nesta localidade asturiana onde lle diagnostican á súa filla maior, María Luísa, Colorín, unha grave doenza.



Os Cuadernos de Arte Gallego pretendían dar unha visión xeral sobre a nosa riqueza artística.

Xosé María agacha o diagnóstico ao resto da familia e cambia o seu carácter: vólvese máis reservado e taciturno. Encárgalle ao seu irmán Darío, médico, que leve el o tratamento da filla e regresan todos de novo a Vigo para unha mellor atención á rapaza.

Con todo, Colorín falece un doce de marzo de 1970, o mesmo ano da morte do sogro de Xosé María ao que este se sentía moi vencellado.

A volta a Vigo, e a pesar de todos os golpes que lle dá a vida, supón para Xosé María un novo estímulo para o reforzo do seu proxecto de Edicións Castrelos. Crea catro novas coleccións: O Moucho, Pombal, Pico Sacro e Mогor, as dúas últimas para a publicación de poesía.

Os libros de O Moucho eran libros do pobo e para o pobo, un intento de crear unha biblioteca popular galega, afastada doutras publicacións só aptas para as élites intelectuais do país.

Os cadernos da colección O Moucho eran de pequeno tamaño e pouca paxinación, con portadas deseñadas por Bofill e nas que sempre aparecía un labrego tocado con mon-teira, faixa e caxato.

As portadas eran elaboradas pola empresa Serigrafía Gallega, fundada polo seu irmán Álvaro e destinada á difusión de carteis de arte galega.



O *Catecismo do Labrego*, foi o primeiro superventas da literatura galega. Editáronse trinta mil exemplares ao longo de tres anos.



Algunha das súas antoloxías da súa autoría foron asinadas co pseudónimo de Celso de Baión.


Os contidos de O Moucho eran moi variados: cantigas, poemas populares, pezas de teatro, refraneiros, humor gráfico... aínda que tamén publicou obras de autores do talle de Castella, Manuel María, Otero Pedrayo, Lois Diéguez, Labarta Pose... e por un prezo de 30 pesetas.



A empresa gráfica Serigrafía Gallega, propiedade de Álvaro, irmán de Xosé María, realizou as portadas da colección O Moucho ao tempo que editaba carteis defendendo o noso idioma e a nosa cultura.

O primeiro título da colección foi o *Catecismo do labrego*, de Valentín Lamas Carvajal que asinara esta obra baixo o seudónimo de Frai Marcos da Portela. Apareceu no ano 1967 e ao longo de tres anos editáronse máis de trinta mil exemplares en dez edicións. Todo un récord para a época.

De *O Catecismo do Labrego* se chegou a afirmar que fora o primeiro libro en galego que entrou en moitos fogares do noso país. Pero este éxito non foi casual. Xosé María creou unha auténtica estrutura de distribución editorial: os seus libros eran repartidos en máis de duascen-



Despacho de Xosé María na súa casa da Gran vía vivesa.

tas librarías, quioscos... e tamén en comercios que nada tiñan que ver cos libros: estancos, tendas de ultramarinos, ferraxerías...

Coas ganancias desta primeira publicación puidéronse editar máis títulos, ata un total de cincuenta e dous e dar unha certa tranquilidade económica á empresa e á familia.



Arquivo Celso Álvarez Cáccamo

Xosé María disertando no Centro Galego de Bos Aires, o 20 de xullo de 1969, nunha homenaxe ao xornalismo.

Tanta era a devoción que tiña Xosé María pola colección O Moucho que cada vez que saía da imprenta un novo exemplar celebraba o acontecemento mercando unha figuriña desta ave que depositaba nun andel do escritorio da súa casa viguesa.

No número vinte desta colección publicou Xosé María, xa no ano 1971, un conxunto de cinco relatos breves baixo o título de *A pega rabilonga e outras historias de tesouros*.




Arquivo Celso Álvarez Cáccamo

O 20 de xullo de 1969, no Panteón do Centro Galego no cemiterio da Chacarita, Bos Aires, lendo un texto en homenaxe a Alfonso Rodríguez Castelao.


En O Moucho tamén publicou, baixo o pseudónimo de Celso de Baión, o volume *Os nomes da terra* no que fai un repaso da literatura popular ao redor das etimoloxías toponímicas de Galicia. Outras publicacións súas, aínda que sen sinatura, son varias recompilacións de cantigas populares e varias antoloxías sobre a caza, o marisco, o porco, cantares de cego...

Outra colección de Edicións Castrelos foi a Pombal que estaba destinada nun principio á recuperación e difusión dos clásicos da literatura galega aínda que máis tarde tamén editaron obras de autores contemporáneos.

Na colección de poesía Pico Sacro, tamén de Edicións Castrelos, só se editaron dous volumes: *O romanceiro da Terra Cha*, de Darío Xohán Cabana e *Canle segredo* de Xosé María Álvarez Blázquez, obra gañadora do Premio Pondal do Centro Galego de Bos Aires, un conxunto de poemas escritos entre os anos 1951 e 1954 dedicados á súa muller María Luísa que constitúen o seu mellor conxunto de poemas. Esta obra editouse no ano 1976.



A pega rabilonga e outras historias de tesouros, publicado no ano 1971, é un conxunto de cinco relatos breves.



Arquivo Real Academia Galega

Canle segredo gañou o Premio Poético Pondal, organizado polo Centro Galego de Bos Aires, en 1954. Estes poemas serán editados vinte anos despois pola Edicións Castrelos.

A colección Mogor, tamén dedicada á poesía, tiña un formato máis grande e un deseño moito máis moderno e por ela pasaron poetas como Vicente Araguas, Xosé María Álvarez Cáccamo, fillo de Xosé María, Manuel Janeiro...

Aos cincuenta e tres anos, en 1968, Xosé María voltará ás aulas como profesor de Formación Humanística no Instituto Politécnico Marítimo Pesqueiro de Vigo, compaxinando a súa actividade docente co seu traballo en Edicións Castrelos,

onde chegará a desempeñar todo tipo de funcións: prologuista, corrector de probas, empaquetador... por mor da marcha do seu fillo Alfonso a cursar estudos universitarios e Darío Xohán Cabana, que o axudaba na editorial, a traballar fóra de Vigo.



Arquivo Celso Álvarez Cáccamo

Xosé María no ano 1970.

CRONISTA OFICIAL

No 1976 obtén en Vigo o recoñecemento ao seu labor no campo da difusión da historia e actualidade da cidade que lle dera acollida, a el e á súa familia, cando tiveron que deixar a súa vila natal de Tui: é nomeado Cronista Oficial da Cidade de Vigo, un cargo meramente honorífico e que non lle vai reportar ningún tipo de ingreso económico extra.

A partir desta data reedita libros que falan da

cidade olívica, comeza a traballar no que será a futura Hemeroteca da cidade e no seu Arquivo Gráfico e Documental, institucións ás que legará importantes fondos documentais propios; coordinará, xunto con Álvaro Cunqueiro, o libro colectivo *Vigo en su Historia*, patrocinado e financiado pola Caixa de Aforros Municipal de Vigo...

Despois de vinte e seis anos de funcionamento, Xosé María decide vender Edicións Castrelos aproveitando unha oferta que lle fai a Editorial Galaxia, tamén de Vigo.

Varios son os motivos que levan a Xosé María a tomar esta decisión: a morte do seu irmán Darío e a do seu amigo Celso Emilio Ferreiro, a necesidade de modernización e dedicación horaria á empresa... Galaxia garantiría a continuidade das coleccións e a difusión dos seus fondos editoriais.



Xosé María dando unha conferencia, en 1976, por mor do seu nomeamento como Cronista Oficial de Vigo.

Arquivo Celso Álvarez Cáccamo



Co alcalde de Vigo, Joaquín García Picher e Isidoro Millán Pardo, nunha inauguración de pintura galega no Pazo de Castrelos.

Arquivo Celso Álvarez Cáccamo

No 1982 é nomeado membro do Instituto de Estudos Galegos Padre Sarmiento, xefe do Departamento de Historia de Vigo no Museo

Quiñones de León, un ano antes recibira o Pedrón de Ouro do Padroado Rosalía de Castro, escribe unha biografía do seu curmán político, Alexandre Bóveda, por encargo do Banco do Noroeste, do Grupo Rumasa. Este libro será censurado pola entidade financeira que prohíbe a súa distribución. Dez anos máis tarde e da man da Editorial Ir Indo será reeditado xa con completa liberdade.

A xubilación, como profesor do Instituto Marítimo Pesqueiro, chégalle con novos desexos de ordenar os seus numerosos artigos dedicados aos chamados Séculos Escuros da literatura galega, pero un accidente menor vaille

complicar este obxectivo. Férese na man dereita cortando unhas rosas e ten que ser sometido a varias operacións de enxerto na pel que non dan cicatrizado por mor da diabetes que padece. Esta situación, xunto coa doenza cardíaca que padece, levan a Xosé María a un estado de desánimo e abatemento. Durante o ano seguinte, en 1984, é internado varias veces no hospital, falecendo un 2 de marzo de 1985, ás 12,30 da mañá, por un infarto de miocardio.

Con Xosé María desaparece un intelectual comprometido coa cultura, a historia e a o idioma do seu país. Unha persoa dinamizadora de iniciativas culturais que viñeron a cubrir o gran baleiro deixado pola Guerra Civil, que deu ao traste cunha xeración de importantes intelectuais e que deixou esnaquizado o mundo editorial e cultural galego.



Caricatura de Xabier Domínguez

Xosé María representa o intelectual galego comprometido co noso idioma e coa nosa cultura.

TRES TEXTOS

A PEGA RABILONGA (Fragmento)

Misia Catalina quedárase soliña no pazo de Valado. Todos se foran indo desta vida, e misia Catalina xa non tirou a roupa de loito dende que, aos trinta e cinco anos, puxera as toucas da viudés. Pasáronse outros trinta e cinco outonos e, coas vidas dos seres queridos, tamén se foran terras e riquezas. Houbo que gastalo en meiciñas, sanatorios, enterros e misas. As derradeiras xoias - os pendentés e o aderezo que levaba postos o día que casou- mercáralas Pepe de Caitana cando volveu de Montevideo coaquel coche cor vermella, que tantas galiñas esmagou na aldea. Ben é verdade que o Pepe pagábaas a peso de ouro.



-Toma, aí tes corenta pesos pola galiña, e aínda podes facer un caldo coela, que non che quedou tan estragada.

Un día que matou un galo deu cincuenta pesetas polo cadavre. Xa era sabido que a xente lle xotaba as galiñas diante do coche, sen que se decatase. Houbo quen acabou co curral, e foi mercar novas vítimas á feira de Caldas. O día que Pepe da Caitana se despediu de todos foi unha grande pena na aldea, e iso que convidou a roscas e sidra El Gaitero. A muller de Pepe lucía as alfaías de misia Catalina

PREGÓN DAS FESTAS DE SAN TELMO

Este pregón para as festas de San Telmo do ano 1979, de Tui, foi escrito por Xosé María Álvarez Blázquez «en xeito de aleluia adicado ao noso patrón San Telmo, con todo miramento». Velaí vai un pequeno fragmento.

...

«Que tódalas xentes nosas
leven gravado no peito
a orgulleza de ser nados
en Galicia, árdello o eixo,
e que falen a cotío
o noso idioma galego
no que falaron os reises
e os poetas de outro tempo
e que padeceu máis tarde
sañudo persegemento.
¡Rico tesouro salvado
das furnas do esquecemento
polos reiros labradores,
polos fortes mariñeiros,
por artistas e artesáns,
por esforzados obreiros,
que gardaron as palabras
como a nai garda o seu neno
frente os dentes regañados
de ladróns e raposeiros!..»



Arquivo Celso Álvarez Cárccamo

Pronunciando unha conferencia en Tui, o 17 de maio, Día das Letras Galegas, de 1973

ROMANCE DO AFIADOR

Xosé María Álvarez Blázquez

Veleí vén o afiador
asubía que asubía;
co seu carro de unha roda
é coma a besta xuncida.
traí unha caixa de ferros
e unha pedra onde il afía:
unha pedra condenada
que bota raios e chispas.

-Veña pra acá, afiador;
afíe a navalla miña.
Teño na festa da Virxe
de facer trinta feridas!
-Xa fican poucas navallas,
rapaz, pra maliaxe miña;
róubaas a Garda Cevil
aos mozos nas romarías.

Xa rematou a tormenta
de trebóns, raios e chispas.
A testa do afiador
foi a Terra onde caíran.

.....

-Afiador, peleriño
de corredoiras e vilas:
cando non ten que afiar,
que fai?
-Afío cantigas.

Veleí vai o afiador,
asubía que asubía.
co seu carro de unha roda,
é coma a besta xuncida.



PARA SABER MÁIS...

ÁLVAREZ BLÁZQUEZ, Xosé María: *Poesía galega completa*. Vigo, Edicións Xerais, 2007

ÁLVAREZ CÁCCAMO, Alfonso: *Xosé María Álvarez Blázquez*. Vigo, Ir Indo Edicións, 1994

BERNÁRDEZ, Carlos L.: *Vida e Obra de Xosé María Álvarez Blázquez. Escolma de textos*. Vigo, Editorial Galaxia, 2008

CABANA, Darío Xohán: *Xosé María Álvarez Blázquez. Vida e obra*. Vigo, Edicións Xerais, 2008

GONZÁLEZ PÉREZ, Clodio: *Xosé María Álvarez Blázquez. 1915-1985*. Noia, Editorial Toxosoutos, 2007

VARIOS: *Escritos de familia. Cen anos de poesía*. Vigo, Edicións Xerais, 2000